



## Martín Hermelo Vilas

### Remos de Meiro en augas internacionais


**A**os seus 22 anos, Martín Hermelo Vilas coñece xa a experiencia de participar en competicións de remo ao máis alto nivel. O Club de Remo de Bueu deulle a este rapaz de Meiro a oportunidade de iniciarse nun deporte con tanta tradición na nosa vila. Dende o 2000, Martín desenvolve a súa actividade no Real Club Náutico de Vigo.

En 2001, a Selección Española chamou ao mozo para formar parte da tripulación de oito con temoneiro que ía participar no Campionato do Mundo celebrado na cidade alemá de Duisburg, onde se clasificou na oitava posición. Nese mesmo ano, Martín conquistou a prata competindo coma internacional na prestixiosa Regata de Hazewinkel (Bélxica) e foi cuarto en Gante cos compañeiros de catro sen temoneiro. Co equipo estatal de 'oito', en 2002 obtivo o bronce na Regata FISA Team Cup de Sevilla e tamén na Regata Internacional de Andalucía.

Nos últimos seis anos co Club Náutico de Vigo, o mozo de Meiro acadou doce medallas en competicións estatais con equipos de distintas modalidades, coma

dous con temoneiro, catro con temoneiro, oito con temoneiro ou remoergómetro. En catro ocasións alzáronse co título de Campións de España ao acadar o ouro. Cinco dos metais foron de prata e tres de bronce. Martín ten sido medallista nas categorías de xuvenís, sub-23 e senior.

Como compoñente do equipo vigués de oito con temoneiro, ademais de alzarse como campión galego en tres modalidades, o ano pasado acadou o oitavo posto na que está considerada a regata de 'oitos' máis importante do mundo, a Head of the River Race, onde máis de 400 tripulacións sucun as augas do río Támesis, en Londres. Martín tamén colleitou vitorias en regatas internacionais celebradas en Portugal, coma o Descenso da Ría de Aveiro, a Regata do Natal en Porto ou a Liga Portuguesa de Fondo.



Alternando a súa actividade co Remo Olímpico, o mozo ten participado en numerosas regatas de remo de banco fixo coma as tradicionais traíñas. Chegou a clasificarse co Náutico na sétima posición da Liga Noroeste -entre 23 equipos participantes- e conquistou a Bandeira de Cangas, e mais a Príncipe de Asturias en Castropol.

Martín coñece o sabor da vitoria e o da derrota pero, por enriba dos méritos acadados, os seus compañeiros destacan a súa "personalidade humana" e o seu "alto espírito como deportista". O seu club actual considéranlo un exemplo de "seriedade", sempre con "ansias de mellorar" e promovendo valores coma o "respeto" e "solidariedade", que lle valeron "o afecto de todos os seus compañeiros".

